

## TELÉFONOS DO TEU INTERESE

Servizos Sociais Municipais .....	981 73 70 04
Teléfono Gratuito da Muller (24 horas).....	900 40 02 73
Centro de Información da Muller	
Muxía .....	981 74 21 17
zas .....	98170 83 03
Emerxencias .....	112
Centro de Saúde	
Camariñas.....	981 73 62 00
Camelle .....	981 71 05 13
Ponte do Porto .....	981 73 08 95
Atención sanitaria urxente Vimianzo .....	981 71 62 08
Xulgado Corcubión .....	981 74 54 01
Garda Civil Camariñas .....	981 73 62 62
Garda Civil - EMUME (Equipo de Muller e Menor - 24 horas).....	062
Policía local .....	607 48 23 82



# Contra a violencia de xénero

## *Hai Outro Lado* *Hai Outro Lado*

**INFORMATE**  
servizos sociais

Concello de Camariñas

AS  
Asociación Galega de Mulleres

SGI  
SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE



## QUE É A VIOLENCIA DE XÉNERO?

- A violencia de xénero é un **DELITO** ( Lei Orgánica 1/2004).
- Non só afecta ao ámbito privado é un **PROBLEMA SOCIAL**. Todos/as temos a responsabilidade de denunciar a situación.
- Refírese a todo **ACTO DE VIOLENCIA QUE SE EXERCE CONTRA A MULLER** e que ten como resultado:

- ✓ **Maltrato Físico:** Labazadas, golpes, cortes, fracturas, queimaduras e mesmo a morte.
- ✓ **Maltrato Psicolóxico:** Condutas de humillación, ameazas, insultos, descalificacións en público, control e vixilancia das accións da muller, etc.
- ✓ **Maltrato Sexual:** Sempre que se impoña á muller unha relación sexual contra a súa vontade, xa sexa completa ou incompleta .

## ONDE PODES ASESORARTE?

**Servizos Sociais Municipais.** Poderán informarte sobre:

- ✓ Acceso a axudas e recursos.
- ✓ Tramitación do ingreso en casas de acollida.
- ✓ Teleasistencia móbil para vítimas de violencia de xénero.
- ✓ Xustiza gratuíta.
- ✓ Apoio psicolóxico e familiar.

*Profesionais en Camariñas:* técnicas de igualdade, traballadoras sociais, psicóloga e educadora familiar.

Casa da Pedra. Praza de Insuela s/n. Teléfono: **981 737004**.

## SE DECIDES NON AGUANTAR MÁIS A VIOLENCIA:

- Infórmate das axudas e recursos nos Servizos Sociais do Concello.
- En caso de agresión acude ao Centro Médico ou Servizos de Urgencias e pide copia do parte de lesións.
- Denuncia na Garda Civil ou no Xulgado de Garda.

## SE TES QUE MARCHAR DA CASA,

Procura levar a seguinte documentación

- ✓ **DNI**
- ✓ **Tarxeta sanitaria.**
- ✓ **Libro de familia.**
- ✓ **Permiso de conducir.**
- ✓ **A túa cartilla de aforros e/ou tarxetas de crédito.**

## AXUDAS E RECURSOS AOS QUE PODES ACCEDER:

- Asistencia xurídica gratuíta cando se acredite insuficiencia de recursos.
- As traballadoras vítimas de violencia de xénero, terán dereito entre outras, á redución ou reordenación do tempo de traballo, mobilidade xeográfica, cambio de centro de traballo, suspensión da relación laboral con reserva do posto de traballo e a extinción do contrato de traballo con dereito a prestacións por desemprego.
- Acceso ás vivendas protexidas e ás residencias públicas para maiores.
- Axudas sociais de pago único, para vítimas con dificultade para obter traballo.
- Renda de integración social de Galicia (RISGA).
- Renda Activa de Inserción (RAI).
- Acceso ás casas de acollida.
- Teleasistencia móbil para vítimas da violencia de xénero.